

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO
HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúne no Pazo provincial ás 12:25 h do día 20 de outubro de 2023, baixo a presidencia de **DNA. MARTA FERNÁNDEZ – TAPIAS NÚÑEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, DNA. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, DNA. MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. CARLOS LÓPEZ FONT, D. CARLOS GÓMEZ PRADO, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ** en substitución DE DNA. ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, **DNA. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e DNA. MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 22 de setembro de 2023.

2. DAR CONTA DA POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA DE TEATRO “TORNAR ÁS TÁBOAS” EN 49 CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE VINTE MIL HABITANTES.

A presidenta dá conta da posta en marcha da edición de 2023 do programa de teatro “Tornar ás Táboas”, para o que se enviou convocatoria a todos os concellos da provincia de menos de vinte mil habitantes. Rematado o prazo de solicitude de participación, recibíronse un total de corenta e nove solicitudes de concellos, especificando compañías e funcións solicitadas de entre as inscritas nas categorías A e B de Teatro no Catálogo de grupos Pontegal. Tendo en conta o orzamento e respectando a orde de preferencia dos concellos, programáronse todas as funcións de acordo con todas as partes, para realizar entre os meses de outubro e decembro de 2023.

3. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DOS PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS “PONTEVEDRA PROVINCIA, PLATÓ DE CINEMA” DO ANO 2023

A presidenta dá conta da resolución dos contratos de patrocinio con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais “Pontevedra provincia, plató de cinema” do ano 2023, dirixidos a producións que difunden a imaxe de Pontevedra e que, pola súa importancia, relevancia e repercusión, supoñen unha vía para darlle publicidade á provincia e apoiar o auxe do audiovisual galego rodado nela. A comisión técnica de valoración, reunida o 26 de setembro



de 2023, logo de valorar as dez solicitudes recibidas de proxectos audiovisuais presentados, adoptou por unanimidade a proposta definitiva de realización de oito contratos de patrocinio que a continuación se detallan, cun orzamento que ascende a 88.000 €.

PRODUTORA	PROXECTO	MODALIDADE	IMPORTE
Darío Fernández Fernández	Entelequias	Longametraxe	15.000,00 €
Margherita Morello	Aquarium	Curtametraxe	3.000,00 €
Miramemira	Da túa man para a miña	Longametraxe	20.000,00 €
Claudia Brenlla López	Illa	Longametraxe	15.000,00 €
Ana Kulyk (Nova Industria Films)	Un home que foxe	Curtametraxe	3.000,00 €
Mala Herba Producións S.Coop	Curmán	Curtametraxe	3.500,00 €
Gaita Filmes	Arco da Vella	Curtametraxe	3.500,00 €
Retrincos A.I.E	Castelao	Longametraxe	25.000,00 €

4.- DAR CONTA DA ORGANIZACIÓN DO XII ENCONTRO DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN. MUSEOS SOSTIBLES? XESTIÓN, MUSEOGRAFÍA E CONSERVACIÓN, POR PARTE DO MUSEO DE PONTEVEDRA COA COLABORACIÓN DA ESCOLA SUPERIOR DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURALS DE GALICIA, QUE SE CELEBRARÁ O 23 E 24 DE NOVEMBRO DE 2023.

A presidenta dá conta da doceava edición do Encontro de Conservación e Restauración que organiza o Museo de Pontevedra coa colaboración da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, que co lema “Museos sostibles? Xestión, museografía e conservación” se celebrará no Museo de Pontevedra o 23 e 24 de novembro de 2023 e que reunirá a persoas expertas de museos, institucións e entidades privadas a nivel nacional e internacional.

5.- DAR CONTA DA ORGANIZACIÓN DAS III XORNADAS SOBRE MUSEOS E EDUCACIÓN PATRIMONIAL. COÑECEMENTOS COMPARTIDOS, POR PARTE DO MUSEO DE PONTEVEDRA EN COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, QUE TERÁN LUGAR O 14 E 15 DE DECEMBRO DE 2023.

A presidenta dá conta da organización da terceira edición das Xornadas sobre Museos e Educación Patrimonial. Coñecementos compartidos, que organiza o Museo de Pontevedra en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) e que se celebrarán o 14 e 15 de decembro de 2023. Este evento pretende consolidarse como un espazo de referencia para o diálogo e a reflexión sobre o papel dos museos e os espazos educativos e tamén para a posta en



común de experiencias no eido da educación patrimonial por parte de profesionais de diversas entidades nacionais e internacionais.

6.- DAR CONTA DA ORGANIZACIÓN NO MUSEO DE PONTEVEDRA DA XVII EDICIÓN DO CONGRESO NACIONAL DE NUMISMÁTICA. NUMISMÁTICA, QUE E PARA QUE? XERACIÓN E TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO, XUNTO Á SOCIEDADE IBEROAMERICANA DE ESTUDOS NUMISMÁTICOS, QUE SE CELEBRARÁ EN SETEMBRO DE 2024.

A presidenta dá conta da organización no Museo de Pontevedra da XVII edición do Congreso Nacional de Numismática, que no ano 2024 levará o lema “Numismática, que e para que? Xeración e transferencia de coñecemento”. Este evento, que se realizará en setembro do vindeiro ano en colaboración coa Sociedad Iberoamericana de Estudios Numismáticos (SIAEN) e co patrocinio da Real Casa de la Moneda, está consolidado como o espazo de referencia no que se dan a coñecer os últimos achados monetarios e intercambios de coñecementos entre todos os axentes implicados neste ámbito: museos, persoas investigadoras e coleccionistas.

7. ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:28 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión do que eu como secretaria dou fe.

